



s e l i ñ a



Nº 44

depósito legal VG-465-2016

xullo-agosto setembro 2021

Evaristo de Sela na Galipedia, a Wikipedia en galego.

Evaristo de Sela

Evaristo González Fernández, coñecido como **Evaristo de Sela**, nado en Sela (Arbo) en 1917 e finado en Vigo o 28 de xuño de 1994, foi un catedrático de grego, poeta e tradutor galego.

Traxectoria

Estudou o primeiro curso no Seminario de Tui. Desertou do bando franquista (en concreto, do Rexemento de Artillaría Lixeira nº 15 de Pontevedra) a comezos da Guerra civil española. Foi condenado a cadea perpetua e viviu nos cárceres e nos campos de concentración ate 1942. Autodidacta, licenciouse en Filosofía e Letras pola Universidade de Santiago de Compostela. Foi profesor no ensino medio.

Tradución

É autor das traducións ao galego dende a lingua orixinal dos clásicos a *Ilíada* e a *Odisea*, editadas polo Consello da Cultura Galega en 1990 e distribuídas pola Editorial Galaxia como parte da colección "Clásicos Greco-Latinos".

Obra poética

-*Amar* (Vigo, 1945)

-*Versos de preso e outras rimas* (Edicións do Castro, 2007 -publicación póstuma)



Editorial.

O andazo que o mundo está a padecer fixo que mudásemos moitos costumes que levábamos adquirido durante anos; un deles foi o alonxamento social, o distanciamento das persoas e o evitar acudir a actos multitudinarios, nos que máis perigo de contaxiarse existía.

Con respecto a nosa Asociación, deixamos de celebrar a tradicional xuntanza anual de socios, que habitualmente se organizaba no verán, para compartir arredor dun bo xantar ou dunha cea e confraternizar durante unhas horas. Tamén deixamos de subir ós escenarios co noso grupo de teatro Seliña e incluso este boletín non ten chegado nin coa frecuencia nin co número de páxinas habituais.

Seguramente nos teremos que acostumar a un novo xeito de vida, reinventar hábitos e seguramente protexerse coa máscara durante moito tempo; aínda así non debemos deixar de ser optimistas e pensar que en algún tempo tornaremos a xuntarnos de novo -coas debidas precaucións- para seguir compartindo amizade, gastronomía e cultura. Non pode ser doutro xeito.

Mentras tanto, sentidiño.

O grupo de teatro Seliña reanuda os ensaios da nova obra titulada *Menuda familia!!!*

Despois dun longo paréntesis, debido a este andazo que nos trae de cabeza a todos, o grupo de teatro Seliña reanudou os ensaios coa vista posta no estreno da súa obra *Menuda familia!!!* no verán que ven.

Manténdose case todos os membros do grupo que iniciaron a súa andaina no ano 2015, esperamos con ansia o intre de subir os tableiros e poder facer disfrutar

os espectadores dun espectáculo humilde pero cheo de situacións cómicas que fagan pasar uns intre de desconexión e ledicia tan necesarias nestes tempos.

Con renovada ilusión e moitas ganas de retornar ós escenarios imos continuar traballando nesta nova obra para ofrecerlle ós socios e amigos unha representación na que poidan disfrutar e pasar unha hora e media de entretemento e risa coas pericias deste familia tan particular.



Galería de autores da raia mollada

Antonio Alonso Fontán: *Hai unha terra loubada (Salvaterra do Miño)*; Edicións Cardeñoso, Vigo 2011, 127 pax.

Despois de toda unha vida de compromiso coa terra e a publicación de decenas de artigos en diferentes medios, chega os lectores do Condado un libro de 117 páxinas -moitas delas en verso- sobre as parroquias que compoñen o concello de Salvaterra. Desde a de nacemento do autor -San Adrián de Meder- recrea o poeta os lugares e barrios máis característicos de cada unha das 17 que conforman as terras da capital do Condado.

Publicada pola desaparecida editora Edicións Cardeñoso e coa colaboración do concello da vila do viño do Condado, Antonio Alonso Fontán achégase de novo, con este libro, ós seus lectores e amigos para ofrecernos unha mostra máis da súa sobranceira vea literaria como nos ten acostumado nos seus escritos.

Xa pasaron anos desde aquela publicación *Sete celulosas sete*, na que a modo de protesta, aci-

dunha celulosa que pretendían construír. Despois, nas súas columnas do Faro de Vigo, durante unha tempada, achegounos o seu saber sobre os costumes e as xentes da bisbarra con pluma mestra recoñecida por diferentes medios.

Sempre combativo e sempre disposto a colaborar coas causas xustas -daquela tamén en contra do salto de Sela- Antonio Alonso Fontán, o poeta de Meder como é coñecido por todo o Condado, consolídase como a personalidade literaria de maior embergadura na actualidade nesta comarca. Para quen isto escribe, que ten compartido coel horas de conversa e ten aprendido tantas cousas do seu amplo coñecemento intelectual, é motivo de orgullo traelo a estas páxinas do Seliña nas que xa se te-

ñen publicado colaboracións del.

Longa vida don Antonio!!!



rraba ós veciños destas terras do sur de Galicia en contra

Hai unha terra loubada (Salvaterra do Miño).

Por Antonio Alonso Fontán

LIMIAR DO AUTOR

Esta obra, reedición da primavera, en algo se diferencia da orixinal editada como felicitación da navidade do ano 2000, ten como valor de documento, o compromiso que certifican as dúas persoas coa máxima autoridade política do concello de Salvaterra, en renovar a súa oferta sobre o próximo porvir industrial a desenrolar no Porto Seco.

Como autor, quero confiar en tan comprometido ofrecimento, que vai cambiar o noso sistema de vivir, do que todos sairemos beneficiados nos distintos aspectos das convivencias. Tanto no familiar, como no social.

Unha sociedade que teña atendida plenamente a enseñanza e a sanidade, en tódolos aspectos, podría sentirse feliz e ben atendida nas principais necesidades, que máis poden preocupar ó ser humano, para desenrolar a súa vida coa alta dignidade persoal e social, que todos debemos empeñarnos en merecer.

Neste libro, pretendo ofrecerlles un conxunto referencial das parroquias do concello de Salvaterra, con fotos de íntimo valor sentimental, como son as igrexas e sobre todo os cemiterios. Tamén os nomes coa fonética dialectal e lexicográfica da toponimia, construída sabiamente polos nosos antepasados. Quixera que chegara a tódalas casas habitadas, e que algún dos seus moradores, investigara sobre a vida e obra dos dous persoeros tan distintos, nados nestas terras en tan lonxanas datas. Esteban, na antiga Vila, en 1608. Manuel, na parroquia de Oleiros, en 1890, casi tres séculos de diferenza. Ambolos dous merecen chegar ó coñecimento das novas xeracións, para que investiguen e analicen tan diferentes como interesantes conductas, dignas de que perduren en obras literarias ou tesis de doutoramento, que serían un honor para tódolos habitantes desta Terra Loubada. (pax 11)

POLA BEIRA DO MIÑO

Cando acabe a sementeira
quixera deixar sementado
sementes de mellor caste
nestas Terras do Condado.

Marcharei polo camiño do silencio,
romántico e namorado,
abeirando polo Miño,
dándolle sopas de viño
o meu cabalo cansado.

(pax .108)